

**EXCELENTES VILLANUEVOS**



LOSADA.D.

ROSALIA

**BETANZOS**

*[Signature]*

**LITERAS CATEGORIAS**

# ~ Letras Galegas ~

No ano 1.863 a Literatura Galega sofre un novo amanecer: sae á luz "Cantares Gallegos" de Rosalía de Castro; cen anos despois a Real Academia Galega instituiu o Día das Letras Galegas, que ano a ano se vén celebrando en toda Galicia en lembranza de todos aqueles fillos da Terra, que traballaron pola súa reafirmación social e cultural.

Volvemos un ano máis a festexar este día; en toda Galicia celebranse conferencias, mesas redondas, audiovisuais, recitais de poesía, etc.

¡Unha auténtica maravilla! mais, nós preguntámonos ¿cando deixaremos de celebralo Día das Letras Galegas?. Esperemos que axiña, xa que as Letras Galegas deberíanse celebrar tódolos días.

## Antón Losada

Nace en Moldes (Ourense) no ano 1.884. Entra en contacto con intelectuais que formarán a "Xeración NÓS". Crea, con Risco, a revista NÓS. Adícase a potenciar-la Cultura Galega: Coral Polifónica, Patronato do Museo de Pontevedra, etc. E nomeado poñente para facer un amplio programa agrario pola 3<sup>a</sup> Asamblea Nazonalista. Morre un 15 de Outubro no ano 1.929.



PENSAMENTO: O seu pensamento político asentase sobre tres grandes pilares:

Agrarismo: hai que centra-la produción sobre bases naturais.

Galeguismo: para impedir que o pobo perda o seu ser natural, é dicir, a súa lingua, institucións e historia, cómpre volve-los ollos á terra.

Catolicismo: porque a finalidade última do home é espiritual e transcendente.

# Rosalía



Debido a que este ano cúmprese o centenario da súa morte, non nos podíamos esquecer desta esgrevia figura das Nosas Letras.

Nace en Santiago en 1.837, dende moi nova xa fai poesía, casa co galeguista Murguía. Morre en Padrón en 1.885. No ano 1.891 os seus restos son trasladados ó Panteón de Gallegos Ilustres.

Obra: "Cantares Gallegos" publicado no 1.863, supón o rexurdir da Literatura Galega. É un libro de reivindicación, mesmo nas estampas de costumismo máis inocente. "Follas Novas" (1.880). No libro hai dous tipos de poesía: a) rigurosamente intimista, b) de temática social.

## Néboeiro

Pobres rosas, saúdosas  
esperando amanecer;  
degaradas, garimosas  
por medrar, e arrecender.  
Tristes rosas, saúdosas,  
todo chega, e o fin chega,  
cando a póna se dobrega  
e non vos pode sostener.  
Grazos soños, frorecidos  
cobizando un ideal;  
aniñados, lentecidos  
nunha roseira lanza.  
Tristes soños noitecidos  
todo chega, e o fin chega  
se dos soños só queda  
e imposible no rosa.

A. Losada Láiguez

## Miña Santiña

Miña Santiña,  
misa Santasa,  
miña cariña  
de calabasa:  
hei de emprestarvos  
os meus pendentes;  
hei de emprestarvos  
o meu collar;  
hei de emprestarcho,  
cara bonita,  
si me deprendes  
a puntear.

R. Castro

X  
Pacie  
Esa  
Lóde

# ≈ Erangalladas ≈

◆ Dous por dous ¿cántas son?. Catro. Tres en Canarias.

◆ Vai un home ó médico e dille: -Doctor, doctor, teño moitos piollos. O doctor respóndelle: -Pois bóttelle alcohol para matalos. ¡Claro home!

Non os aguento serenos e vounos aguantar borrachos.

◆ Un neno dille ó seu pai: -Papá hoxe aforrei cinco pesos  
-¿Cómo é iso, fillo?  
-É que fun correndo detrás do autobús en lugar de montar nel.  
-¡Tonto! Poideches aforrar 200 ptas. correndo detrás dun taxi.



◆ Canto más estudio más sei.

Canto más sei más olvido.


Canto más olvido menos aprendo.

Eu sei que non sei nada.


¿Entón para que estudio?

◆ Pero neno, non sexas malo. Non debes tirarlle do rabo ó gato. ¡Pero si eu non lle tiro!. Eu sosteño o rabo e o gato é o que tira. ¿Non o ves?.

## NOTICIAS DO 5º CANAL



Xoven de Betanzos perde a paciencia intentando dobrar unha esquina. Despois descubri que todas as esquinas están lubrificadas



Agora os Reis na non deixan carbón ós menos maiores, senantes combós de botano.


# Conto

## A galinha ponendedora

Érase unha vez unha galinha que ponía moitos ovos. O granxeiro chamáballé ponendedora cando tocaba comer ela non comía, pasaba casi todo o día ponendo ovos, menos pola noite. Pola noite dormía, pero antes de dormir ponía uns ovos e o granxeiro gardábaos para que non os roubaran. Un dia roubaron a galinha e ela quixo escapar pero non puidó porque os ladróns dormían con ela agarrada, pero unha noite esquerceronse e deixaronla solta. e ela escapouse para a casa do seu amo que se alegrou moito de que volvera e desde ese dia a ponendedora comeu e foi como todas as galinas.

Triia Fernández Sánchez

1º E



Dibuxo: Juan Pablo

# ~ Poesia ~

" O AMOR É ... "

O amor é esperar ó teu amor  
na hora acertada.

O amor é sentarse xunto a el  
fitándolle ós ollos.

O amor é ir ó cine  
a acariciarse mutuamente.


O amor é pensar ti en el  
como el pensa en ti.

O amor é darlle un bico  
no día do seu cumpleanos.


O amor é ir ó cine  
para non ve-la película.

O amor é quererlle  
como el te quere a ti.

Má do Mar Edreira.  
8º D




Se mesturaramos unha  
balea cun macho de  
xirafa, salería a primeira  
balea con periscopio incorpo-  
rado.



# Poesía A primavera

A primavera xa chegou,  
a noite xa marchou,  
os paxaxíños venen,  
as frozes nacen,  
e na ábores xan  
as follinas e a froiz.



© © © ©  
Silvia García Vilalba  
1º E

Esta historia cadrou non monte, no cal vivían centos de animais e plantas, craro.

E certo día, pola mañán cedo, acertou a pasar por ali un paxariño, que ía para a cidade, e polo tanto tiña que atravesa-lo monte.

Pero resulta que cando xa andivera a mitade do camiño, topouse con que, no medio e medio, aparecera de súpito un forte e alto toxo que, polo que semellaba, non tiña gaña de deixalo pasar.

O que fixo que ambos personaxes tiveran unha discusión, e non moi amistosa por certo.

- Por favor -rogou o paxariño- ¿pódeme deixar pasar para continuar o meu camiño?.

- ¿Que dis? -berrou o toxo- ¿como ves dicirme tal ccusa a mi? Eu non son quen para apartarme ante unha cousa tan pequerrecha coma ti, que aínda non pode cunha das miñas pólás. Ja, Ja... ¿estás de broma ou qué?. Non penso deixar pasar a ningunhón, nem nos a ti ¡mequetrefe! polo que xa puedes ir dando a volta ...

Paxariño.- Pero por favor, teño que ir á cidade por forza, non podo da-la volta agora. Xa sei que é vostede moi poderoso, pero teña a vontade de permitirmee pasar, pídolle de xionllos, ande.

Toxo.- Non, non e non, teño as miñas leis e, nunha delas, comprobámetome a non permitirmee o luxo de facer favores ós más inferiores, polo que non teimes más no asunto que xa está ben.

Todo o día estivo o paxariño rogándolle ó toxo para poder chegar ó seu destino, aínda que este nunca cedeu.

Enterouse disto, como de todo o que soe pasar, o Sr. DON SOL, o cal xa saíra ó ceo, xa había un tempo, e estivera ollando ós dous adversarios toda a mañán e vira as cousas dende enriba, como quen di. Por iso tivo a ocurrencia de ser o xuíz mediador e xusto entre ambos contrincantes. E craro, para iso tiña, como é de supoñer, que escarmentar ó más ruín e premiar ó bon.





Por conseguinte, empezou o sol a producir más calor que nunca naqueles intres; entón o toxo comenzou a afogar e incluso empezaba xa a chamuscarse, nisto o paxariño notando aquel acaloramento, apresurouse a refuxiarse debaixo dun dos piñeiros que por ali había,

O toxo, en troques, non se podendo mover, acabou queimándose lamentablemente con aquela calor que xurdira.

€ que fixo que o camiño ocupado fise limpo, e que o paxariño poidera pasar sin ningunha dificultade. Rematando así a nosa historia.

François 8 ans  
parvulos 5 años

2012



ENTREVISTA A UN DOS ÚLTIMOS ALFAREIROS

DA BISBARRA DAS MARÍÑAS

Pregunta.- Quería facerlle unhas preguntas respecto ó seu traballo.  
¿A que anos empezou a aprende-lo seu oficio?

Resposta.- Eu empecei a aprender o oficio ós 11 anos.

P.- ¿Onde aprendeu este oficio? ¿Cómo se chamaba o home ou muller que lle ensinou?

R.- Eu aprendín o oficio en Buño, o señor que me enseñou chámase Xesús Añón, moi coñecido en Buño.

P.- ¿Que instrumentos ou ferraxes utiliza para este traballo?

R.- O principal instrumento é unha roda de madeira, e despois outras ferraxes son anacos pequenos de caña dunha vasoira, e tamén un sedel e outras ferraxes non moi importantes para o meu traballo.

P.- ¿Cómo prepara o barro antes de face-las pezas?

R.- Eu preparo o barro deste xeito: o barro cando se vai buscar ó monte está como outras pedras calquera, entón cóllese e lévase a un sitio onde se vai esmagar, este sitio chámase pisadoiro, despois cóllese e métese en caldeiros ou outros recipientes, bótaselle auga e déixase abrandar un día, e despois ponse na roda e faise a peza que se queira.

P.- ¿Para que as pezas se poñan duras que fai?

R.- Métense nun forno e cósense.

P.- ¿De que está feito ese forno?

R.- Está feito de ladrillos pequenos de barro e barro que é o que, igual que o cemento, suxeta os ladrillos.

P.- ¿A quantas calorías ten que esta-lo forno?.

R.- O forno máis ou menos ten que estar a 1.500 calorías.


P.- ¿Cal é o millor tempo para traballar no barro?.

R.- O millor tempo é o vrao.

Moitas gracias por contestar a estas preguntas, e que lle siga ben o seu traballo.

Susana Ma Mourón Barral

7º C.



"église de Sainte-Croix" - obus -


# - Orella, figo e tella -

Era unha vez un neno, que roubaba os figos na figueira do veciño, pero para chegar co cesto á figueira que era moi alta subíase ó tellado da bodega, e unha noite ó subir ó tellado rompeu unhas poucas tellas e o dono da palleira, que era o dono da bodega e máis da figueira viuno subir ó tellado, e cando o neno baixou, o dono da figueira que estaba escondido detrás dela, colleu ó neno por sorpresa, pero o neno escapoulle e logo cando o volveu a collar enganchoulle as orellas e antes de decírilles ós pais os feitos do neno doulle uns estiróns de orellas, e a cada estirón que lle daba, dicíalle: orella, figo e trigo. Orella figo e tella, e desde aquela o neno non volveu a facer máis trásnadas e cando quería un figo do seu veciño sempre llo pedía, e como ó pedirllo por favor o veciño dáballo, foron moi bos amigos desde entón.

José María Mato Sobrino.  
5º D.

X	L	Z	A	T	E	M	T	S	L
F	G	A	R	I	E	R	E	P	S
L	F	T	L	U	E	D	G	Z	P
O	R	I	E	U	G	L	A	S	L
S	N	O	G	C	M	U	D	G	E
A	U	R	L	U	F	I	N	Z	V
R	C	E	R	D	E	I	R	A	T
E	B	Z	A	M	O	I	U	X	B
A	R	I	E	C	A	N	R	C	A
C	A	R	B	A	L	L	O	A	R

= ATOPA SES NOMES DE ARBORES =




100 N.Y.

Rev. Mr. ...

# CANTIGA



Na mima terra Galicia  
o dia das letras galegas  
faz-nos estar contigas  
para a pedida das menas.



Os pararímos a oílo  
tamen queren axudar  
e estiran os seus piquínos  
e se ponen a cantar.



As frases de meu xardín  
o air é alborotad  
con as suas cabecitas  
verdes van oloradas.



- As volvoretinhas alegras  
estiran as suas alas  
e voan alegramente  
sobre as frases coloradas.  
~~Lata dura Bambo~~



# - Conto perdido -

Había unha pequena vez, unha pequena muller que tiña o seu meniño no berce e tódalas noites contáballe un conto, en vez de cantarlle unha canción de berce.

Un día, díxolle:

A nai da nai, da nai, da avoa, da nai, da avoa da tua avoa, vía tódalas noites un trasno que lle dicía más contos dos que din tódalas nais e tódolos pais do mundo xuntos, nun ano.

Pero houbo un conto que lle gostou moito e do que sempre se lembrou.

Voucho contar:

Unha muller coma aquela tata tata taravoia tua, tamén estaba escoitando os contos que lle contaba outro trasno e un día occréuselle preguntar porque sabía tantas historias.

O "Firripandanceiro" (que así se chamaba o trasno), pensou uns momentiños e logo dixo:

Eu veño dun mundo de contos no que todo é conto: a xente é conto, os animais son contos e ata eu son conto.

Xa sei que, se cadra, non me vas a entender ren, pero direi che que eu non son más que unha imaxe que se fai na tua mente, cando estás durmindo no leito e todo che parece de verdade. Neste intre, o trasno parou de facer imaxinacións na cabeza daquela persoa, porque percatouse de que ía despertar e iso sería moi malo para toda a xente da terra, posto que saberían cousas que lles farían cambear la súa maneira de ser e volveríanse malvados e perversos.


Por todo isto é moito más, cando sé teñen soños, os duendes, enaniños e trasnos de tódalas clases de contos, tenen moito tino de non facer desperta-la xente.

A tata tata taravoia engadiu derradeiramente: "E tódolos nenos durmiron felices despois de oír esta historia".

Pedro Maceiras García.  
8ºD

# - Xeroglíficos -

Sabes que nome  
é este dunha  
persoa importan-  
te?



# Como días pompas de xabón

Era un día normal, ó erguerse, pensara nela, ó abri-la fiestra, pensara nela, ó baixa-las escaleiras ... pensara nela como de sempre.

Seguía sendo un día normal, ó erguerse, pensara nel, ó abri-la fiestra, pensara nel, ó baixa-las escaleiras pensara nel como de sempre.

¡Semellaba que vivían para o mesmo!

Si un pensaba no outro, o outro pensaba nun. Disfrutaban cada intre, cada minuto que pasaban xuntos. Aínda non se separaran, xa pensaban no momento en que volverían a estar xuntos, xuntos ... ¡Que palabras!, xuntos, era un soño para eles, vivían coma nun soño. Todo era o mesmo, cando as súas finas mans estaban agarradas fortemente. Querían ser inseparables pero o tempo corria e covertíase niso, nun sono. Eles sós se formaban o seu planeta rosa, só había amor, agarimo, comprensión e moita felicidade.

Nas súas casas eran os primeiros en xantar para ter acabado cedo, para voltar a estar xuntos ... xuntos.

Alá se lles vía, paseando da man pola beira do río, os dous, baixo o mesmo paraugas. Os seus rostros inocentes cheos de ledicia, un reflexábase no outro, e o outro ... nun. Eran tal para cual, eran inseparables.


Un gran lazo rosa, e de tódalas colores do amor, era o que os unía.

Entón saíu o sol e detrás desa parelliña, sentada nun banco, surcaba o ceo o arco iris, o camiño que daba comenzo de novo ó seu ... "sono".


Este conto vai dedicado a toda a xente que ós tres anos dormía de chupete.

¡que estudias!

Maria Alvarez.  
8º A



XE



# ~Poesías~

Eu non quero medrar,  
como unha nena quero quedar,  
ir sempre á escola,  
vivi-la vida e xogar.

A vida é maravillosa  
¡non a deixes escapar!  
para o tempo tan longo  
que vivimos  
moito hai que disfrutar,  
e cando es neno  
a disfrutar aínda máis.

Din tódolos maiores  
¿quen me mandou medrar?  
cando eu era pequeno  
¡todo era comer e cantar!  
e agora, sendo maiores,  
témonos que preocupar  
dos fillos, dós asuntos  
e outras cousas que falar ...

Así din os maiores,  
con morriña,  
¡quen poidera en neno quedar!

Uxía Couceiro.  
6º B

## A TI

A ti que non te coñezo,  
que non sei nada de ti,  
adícoche esta folla  
que estou escribindo aquí.

Coida na tua terra,  
bicaa con dor,  
coida un pouquiño nela,  
xa que ela coidou en ti.

Coida que ela che quere  
e non se esquece de ti,  
loita un pouquiño por ela  
xa que ela loitou por ti.

Mª Xesús Xil Sesar.  
8º B

## R E D A C C I Ó N

A casa de Rosalía está nun pobo chamado Padrón. Está xunto á estación do tren. A entrada da casa é moi bonita cun xardín con frores e árbores, herba, etc. A súa casa convertírona nun museo galego onde hai algunas das poesías que ela escribiu. Subindo unhas escaleiras está a cocina, que é antigua e pequena; subindo más escaleiras está a súa alcoba, e na cama onde ela morreu puxeron unha rosa, e tamén un cuadro co seu retrato. Saíndo da súa alcoba está o comedor, que é grande, e nel ten un escritorio onde hai dous cuadros: un do seu home e outro seu.

Mónica C. Sanchís Cousiño.

3º A

## 2 Visita a o pobo de Betanzos

Todos os menos de segundo do Colegio Villa del Río fomos de excusión a visitar o pobo de Betanzos. Fomos collitos dende corla para non perdermos. Chegamos a praza de García Tomás e estaba esperando o bibliotecario Alfredo Elias, que foi o que nos explicou como era o pobo. Nos ensinou os edificios que había ali: Edificio Archivo, Igrexa de Santo Domingo de te onde votan o globo de San Roque, a estatua dos Torrián García Naveira que son uns homes de Betanzos que dicen crílicos curtos naia que é extraña tradición, axulos e a Maza. Logo baixamos pola calle das Moncas e vimos casas con balcones de madeira onde os agricultores secaban o maízo. O bibliotecario nos dixo que Betanzos estaba rodeado de mareas e en as portas por donde se entraían a Porta da Ponte Vella, a Porta da Ponte Nova, a Porta do Custo da Ribeira, a Porta da Vila. Fumos as igrexas que se chegan. Santa María, Santiago y San Francisco. Ali estaba a tumba dos Alfonso de. Vimos un artesano facendo sellas. Entramos o mercado onde estaban os mercaderes vendendo peixe. Depois fumos a o Alcuentamento nos sacaron unha foto e regresamos o bloco mai. Túnela Parquez Juan, 2º E



# ≈ Cantiga de amigo ≈

Marchouse nun barco,  
no mes de San Xoán,  
aqueles, seus ollos,  
non os pudo olvidar.

Meu amigo, ¡mai lonxe de min estás!  
¿Cando ¡por fin! á nosa terra volverás?.

Si eu fora o vento  
e poidera escoita-lo teu lamento  
que a nosa terra che fai sentir  
na tua busca habería de ir.

Meu amigo, ¡mai lonxe de min estás!  
¿Cando ¡por fin! á nosa terra volverás?.

Desde que ti marchaches,  
sempre é noite para mim,  
¡Ai! ¡quen poidera volver a senti-lo  
teu corazón latir!.

Meu amigo, ¡mai lonxe de min estás!  
¿Cando ¡por fin! á nosa terra volverás?.

Pasan os anos, mais eu sigo aquí,  
esperando por ti, que non volves,  
¿onde estarás?.


O que si sei é que ...

Meu amigo, ¡mai lonxe de min estás!  
¿Cando ¡por fin! á nosa terra volverás?.

Maria do Pilar Freire Novo.

7º B.

## = XEROGLÍFICO =




SOCIEDADE  
ANÓNIMA

BA 2

# A vaca e o alfíter

Santos 2


1. Erase una vez una vaca que comia muita herba.




2. Un dia comeu un alfíter.




3. E ficoule na barriga.



4. E o dono vir que a vaca estala mal e chamou o veterinario.



5. O veterinario veu logo porque o chamou polo telefono.



6. Morou a vaca e disse que tinha un alfíter na barriga.





O DEPORTE DEBERÍA  
UNIR A TODOS LOS HOMES